

MATERIAS PENDENTES DE BACH (Hª DO MUNDO CONTEMPORÁNEO)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

SISTEMA DE AVALIACIÓN

1.- PROBAS / ACTIVIDADES PARCIAIS	
PORCENTAXE	INSTRUMENTO
· 100% da cualificación	· Probas fixadas polo profesorado en cada unha das tres avaliacións
2.- PROBA FINAL (NO CASO DE NON SUPERAR A MATERIA CO SISTEMA ANTERIOR)	
· 100% da cualificación	· Proba final fixada en calendario oficial pola Xefatura de Estudos
ASPECTOS RELEVANTES: O alumnado coa materia de Historia do Mundo contemporáneo pendente poderá presentarse a probas de recuperación do conxunto da materia en distintas datas ao longo do curso e que suporán o 100% da calificación. Para a preparación das probas recibirá uns cadernos de actividades e tarefas que orienten o seu estudo. De non superar a materia pendente nas datas fixadas nos dous primeiros trimestres do ano, terá lugar unha proba final referida ao conxunto de contidos que suporá o 100% da calificación.	

CONTIDOS A AVALIAR

Os **contidos a avaliar** serán os mínimos referidos á materia impartida no curso 2022-2023::

- Antigo Réxime, Capitalismo e Revolucións industriais (primeira e segunda), Revolucións liberais (liberalismo, Revolución Francesa e ondas revolucionarias do 20, 30 e 48) e Nacionalismo, as transformacións sociais (sociedade de clases e desenvolvemento do proletariado), Movemento obreiro (anarquismo, socialismo e Internacionais), Imperialismo e Primeira Guerra Mundial, O mundo de entreguerras, A Segunda Guerra Mundial, a Guerra fría

MÍNIMOS ESIXIBLES

OBXECTIVOS E MÍNIMOS ESIXIBLES

PENDENTES DE 1º DE BACHARELATO

OBXECTIVOS:

Identificar e describir os acontecementos máis salientables da Idade Contemporánea: Antigo Réxime, liberalismo, capitalismo, imperialismo, socialismo, anarquismo...

Definir e empregar con corrección os conceptos propios da historia contemporánea (sociedade estamental, sociedade de clases, absolutismo, monarquía constitucional e parlamentaria, capitalismo...).

Comprender a importancia dos grandes cambios económicos, ideolóxicos, políticos, sociais e culturais dos século XIX e XX (capitalismo, liberalismo, sociedade de clases, industrialización, etc.).

Coñecer as causas e consecuencias dos acontecementos e cambios máis transcendentais da Idade Contemporánea (revolucións liberais, imperialismo, nacionalismo...).

Coñecer os procesos históricos máis salientables do XIX e XX: revolucións liberais, nacionalismos de unificación, Gran Guerra, movemento obreiro, internacionalismo, imperialismo, época de entreguerras, Segunda Guerra Mundial Guerra fría...

Situar no tempo e no espazo os principais acontecementos históricos contemporáneos.

Relacionar os personaxes máis relevantes do mundo contemporáneo cos feitos que protagonizaron.

Analizar, interpretar e comentar un texto histórico, un mapa histórico, unha imaxe, unha gráfica... correspondente á historia contemporánea e situala no seu contexto histórico.

Obter, de fontes diversas, información sobre o pasado, valorar a súa relevancia e recoñecer a pluralidade de percepcións e interpretacións dunha mesma realidade histórica.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA APROBAR:

Corrección formal dos escritos (caligrafía, marxes...), e correcto uso do léxico, da ortografía e da gramática.

Responde ás preguntas con orde e coherencia, estruturando os contidos.

Extrae as ideas principais que aparecen nun texto histórico. Analiza e comenta o texto minimamente.

Interpreta, contextualiza e comenta unha gráfica histórica.

Interpreta, contextualiza e comenta un mapa histórico.

Coñece e utiliza correctamente un vocabulario histórico básico.

Relaciona un feito histórico coas causas que o provocaron e coas consecuencias que tivo.

Identifica os grandes feitos históricos contemporáneos e sitúaos nun tempo e nun espazo.

Coñece os feitos económicos, sociais, políticos e culturais máis salientables do período contemporáneo.

Relaciona os grandes personaxes da historia ou da cultura co feito histórico ou cultural que lle corresponde.